

TEMA 16: O REXURDIMENTO PLENO (II). EDUARDO PONDAL A ESCOLA PONDALIANA CURROS ENRÍQUEZ E A SÚA ESCOLA POÉTICA A PROSA E O TEATRO DO REXURDIMENTO

II. MANUEL CURROS ENRÍQUEZ

1.-Aspectos biográficos

Naceu en Celanova (Ourense), no 1851. Aos quince anos fuxiu da casa, por chocar a súa personalidade cun pai de carácter autoritario. En Madrid estuda o bacharelato, principia a carreira de Dereito e comeza a colaborar na prensa de ideoloxía progresista.

Participa na chamada “Revolución setembrina” (1868) mais en 1870 ten que exiliarse durante algúns meses en Inglaterra. Casa en 1871 e en 1873 nace o **seu primeiro fillo, Adelardo, para quen escribe o poema “Ben chegado”**.

En 1875 funda en Madrid a sociedade “**Galicia Literaria**”, xunto a **Francisco Añón** e outros.

En **1877** gaña o “**Certame Literario**” de Ourense. Instálase coa súa familia nesta cidade onde traballa como funcionario de Facenda e colabora no xornal *El Heraldo Gallego*, de Lamas Carvajal. En 1879 morre **seu fillo Leopoldo**, feito que inspira o poema “¡Ai!”. En xuño de **1880** aparece en Ourense a **primeira edición de Aires da miña terra, unha das obras mestras do Rexurdimento**.

O **ton anticlerical**, que non antirreligioso, dalgúns poemas incluídos no libro (“A igrexa fría”, “Mirando ó chan”, “Pelegrinos, a Roma”...) supúxolle a Curros unha **pena de excomuñón ditada polo bispo de Ourense, Cesáreo Rodrigo, así como o procesamento civil por parte do xuíz Manuel Mella Montenegro**. Curros apelou á Audiencia e foi finalmente declarado **inocente** (1881).

De volta a Madrid, proba a vivir do xornalismo. Traduce ao español textos de varios escritores portugueses. **En 1888 aparece na Coruña o seu segundo libro, O Divino Sainete**.

En 1894 emigra a Cuba, onde dirixe xornais e traballa como redactor. En 1904 regresa a Galicia, identificado co **movemento rexionalista de Brañas e Murguía**, para recibir **na Coruña unha homenaxe grandiosa**. Volve a Cuba e, nos derradeiros anos, participa nas actividades dos núcleos galeguistas da emigración (**Comisión Promotora para a fundación dunha “Academia Galega”**).

Morrerá na Habana o 7 de marzo de 1908. Días despois, os seus restos mortais trasladáronse a Galicia e soterráronse no cemiterio de Santo Amaro da Coruña.

2.-Obra poética

Curros é a **terceira gran figura do Rexurdimento literario**. A súa actitude de **compromiso con quen sufría os males do seu tempo** convérteo no **gran poeta cívico do XIX**. Para el, a **literatura é unha ferramenta para loitar contras as inxustizas** (“Crebar as liras”).

A sonda de Curros espallouse por toda Galicia e a súa obra tivo moi boa acollida. Acabou por ser o **poeta galego do XIX máis coñecido popularmente**, mesmo por riba da sonda de Rosalía.

Comeza como escritor en galego co poema “Cántiga” (1869), ao que seguiron “Ben chegado” (1873) e outros. En 1877 **preséntase ao “Certame Literario” de Ourense, instituído por Modesto Fernández e presidido por Saco e Arce**. Curros obtén o **primeiro premio** con tres poemas: “A Virxe do Cristal”, “Unha boda en Einibó” e “O gueiteiro”.

A súa **consagración** dáse cos seus dous libros poéticos: *Aires da miña terra* (1880) e *O Divino Sainete* (1888). Consérvase unha vintena máis de poemas seus en galego, como “A Rosalía”, “Na tumba de Rosalía” etc.

***Aires da miña terra* (1880)**

Publicado por primeira vez no ano 1880, é unha colección de **poemas moi heteroxéneos**, inicialmente 17 e que foi medrando ata chegar a 32 na terceira e definitiva edición, de 1886. Están encadrados entre unha **“Introdución”**, que ten por obxecto xustificar o **emprego do galego**, “Cristo das linguas”, e unha **“Encomenda”** final, que serve para asentar o **compromiso cívico** do autor. Podemos agrupar **tematicamente** as poesías do libro en tres grandes apartados:

a) **Poemas sociais ou cívicos**. O grupo fundamental da obra. Inclúe o poemas nos que **defende aspectos do seu ideario progresista, democrático e galeguista e expón críticas á sociedade do seu tempo**. Posiciónase contra a tiranía, o fanatismo relixioso, o caciquismo, a ignorancia etc.

b) **Poemas intimistas e de circunstancias**. Poemas que teñen a súa orixe nalgún **acontecemento persoal e familiar ou nalgunha desgraza na vida do autor**: “Ben chegado” (fillo Adelardo); “¡Ai!” (morte de Leopoldo); poema elexíaco “Na morte da miña nai” etc. Tamén “Templo deserto” e “Sola” (agnosticismo relixioso).

c) **Poemas costumistas**. Son tres poemas longos, **aqueles cos que Curros gañou o “Certame Literario” de Ourense**: “O gueiteiro”, “A Virxe do Cristal” e “Unha boda en Einibó”. Influxo de *Cantares gallegos* de Rosalía.

***O Divino Sainete* (1888)**

É un longo **poema de carácter satírico-burlesco**, composto por 512 tríades de versos octosílabos con rima consoante, que **parodia a Divina Comedia de Dante Alighieri**. Curros pretendía **tres obxectivos básicos**:

a) **Facer unha crítica ás institucións de goberno e aos sectores reaccionarios da sociedade**, en xeral, e **á igrexa católica**, en particular;

b) **Desenvolver unha defensa do Rexurdimento e das súas principais figuras e reivindicar o dereito á existencia dunha literatura galega completamente autónoma**, posta ao servizo do país;

c) **Satirizar determinados inimigos persoais, ideolóxicos e literarios**.

Componse dunha **“Introdución” e oito “Cantos”**. O **motivo argumental** é unha presunta **peregrinación de Curros a Roma con motivo do xubileu do Papa León XIII, acompañado polo poeta Añón**. Este vai conducindo a Curros a través dos distintos **vagóns do tren en que viaxan**. Cada vagón leva o nome correspondente a **cada un dos sete pecados capitais**: preguiza, envexa, gula, ira, luxuria, avaricia e soberbia.

Nos vagóns viaxan o xuíz Mella e o bispo Cesáreo Rodrigo; frades obscenos e comellóns; beatas luxoriosas; libreiros e usureiros; carlistas sanguinarios; escritoras coma Emilia Pardo Bazán etc.

Todos eles son **satirizados** por Curros. En Roma, Añón e Curros aconséllanlle ao Papa León XIII que a Igrexa renuncie ás súas enormes riquezas.

3.-Principais liñas estéticas, temáticas e ideolóxicas da poesía de Curros

A súa vida e poesía estiveron marcadas polo **combate e o compromiso cos ideais de progreso, democracia, liberdade, república e galeguismo, contra a inxustiza e opresión**. Isto tróuxolle problemas co poder civil e eclesiástico. A ideoloxía de Curros está asentada en tres bases:

a) Progresismo. É un **poeta social ou civil** que defende as liberdades e os dereitos individuais, que canta os elementos do progreso e ataca a intolerancia.

b) Compromiso social. Cre que ten unha misión ética de denunciar a inxustiza e ser a voz dos que non teñen voz.

c) Anticlericalismo. Atacará a igrexa católica, o Papa, os xesuítas e os frades e clérigos de ideoloxía carlista, por consideralos viva imaxe da intolerancia.

Experimentou unha **evolución ideolóxica**:

-De confiar no modo de produción capitalista, pasou a combatelo.

-De ver na emigración unha boa solución para os galegos, pasou a combatela.

-De ter como preocupación a forma de goberno do Estado, súmase ao rexionalismo galego.

4.-Lingua e estilo

Basea o seu galego literario na **fala popular**. A súa lingua é **máis enxebre, depurada de castelanismo e rica que a de Rosalía, aínda que menos elaborada e culturizante que a de Pondal**. A súa poesía ten unha **intención didáctica e moralizante**. A súa linguaxe procura a **sinxeleza e a eficacia comunicativa**.

5.-A escola poética de Curros. A poesía social finisecular

Moitos foron os autores que se fixeron eco nos seus textos poéticos, guiados polo maxisterio de Curros Enríquez, das queixas, protestos e demandas dunha sociedade conflictiva, marxinal e maltratada polos poderes económicos e políticos.

-Manuel Leiras Pulpeiro (*Cantares gallegos*, 1911)

-Alberto García Ferreiro

-Manuel Lugo Freire